

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA QUINCE DE XULLO DE 2010, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente:	D. ODON C. COBAS GARCIA
Concelleiros	D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE D ^a . LUCÍA GONZÁLEZ LOURO D ^a . ANA BELÉN PICÓN COTOS D. CAMILO PEREIRAS CARAMÉS D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO D. MANUEL COSTA CARNEIRO D. ROGELIO LEMA MOUGÁN D ^a : MARGARITA DEVEESA CARDELLE D ^a : M ^a . JESÚS PIÑEIRO CALDELAS D. JOSÉ ALVELA EDREIRA
Escusan asistencia	D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ D ^a . XOSEFINA ROSA GUITIÁN LEMA
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e cinco minutos do día quince de xullo de dous mil dez, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ó comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (17/06/2010)

Dáse conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día dezasete de xuño do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes

2º.- Aprobación da Conta Xeral do exercicio 2009

Dáse conta da Conta Xeral do Orzamento correspondente ao exercicio 2009, que consta das seguintes partes, segundo o disposto no artigo 209 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e na Orde de Economía e Facenda 4041/2004, de 23 de novembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local:

A.- BALANCE DE SITUACIÓN



BALANCE DE SITUACIÓN	
ACTIVO	PASIVO
5.199.610,34	5.199.610,34

B. - CONTA DE RESULTADOS

INGRESOS AÑO 2009	4.880.872,67
INGRESOS AÑOS ANTERIORES	0,00
GASTOS AÑO 2009	3.091.429,58
GASTOS AÑOS ANTERIORES	5.813,39
RESULTADO TOTAL (AFORRO)	1.783.629,70

C. - LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO

DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS EN 2009	5.099.362,67
OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS EN 2009	- 4.929.060,75
DIFERENZA: RESULTADO DO EXERCICIO	170.301,92
GASTOS FINANCIADOS CON REMANENTE DE TESOURERÍA	0,00
DESVIACIONES DE FINANCIAMIENTO POSITIVAS	- 180.536,09
RESULTADO AXUSTADO (DEFICIT)	- 10.234,17

Quedando ó final do exercicio:

DEBEDORES DEREITOS RECOÑECIDOS	394.027,65
ACREEDORES OBRIGAS RECOÑECIDAS	478.366,72

D. - ESTADO DEREITOS E OBRIGAS EXERCICIOS ANTERIORES

DEBEDORES PENDENTES DE COBRO	138.516,37
ACREEDORES PENDENTES DE PAGO	0,00

E. - COMPROMISOS CON CARGO A EXERCICIOS FUTUROS

Negativo

F. - ESTADO DA TESOURERÍA

	EX. INICIAL	COBROS	PAGOS	EX. FINAL
CAIXA	1.330,24	77.761,31	76.069,36	3.022,19
BANCOS	59.273,06	8.216.703,81	8.070.092,51	205.884,36
S/SAÍDA	0,00	5.078.998,19	5.078.998,19	0,00
TOTAL	60.603,30	13.373.463,31	13.225.160,08	208.906,55

G. - ESTADO DA DÉBEDA

Negativo



H.- REMANENTE DE TESOURERÍA

+ DEBEDORES PTES. DE COBRO A 31/12/2009 (NETOS)	532.544,02
- ACREEDORES PTES. PAGO A 31/12/2009 (NETOS)	683.741,45
+ FONDOS LÍQUIDOS DE TESOURERÍA A 31/12/2009	208.906,55
REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL	57.709,12
EXCESO DE FINANCIAMENTO AFECTADO	-
	180.536,09
SALDOS DE DUDOSO COBRO	- 6.069,88
REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS	-
	128.896,85

Así mesmo, achéganse os seguintes anexos:

- Memoria da Conta Xeral
- Investimentos destinados ao uso xeral
- Inmovilizacións materiais e inmateriais
- Endebedamento
- Operacións non presupostarias
- Balance de comprobación
- Estado de modificación de Créditos
- Estado de gastos con financiamento afectada
- Estado de situación e Movemento de valores
- Relación Nominal de debedores e acreedores

Dáse conta asimesmo que durante o prazo de exposición pública non se presentou ningunha reclamación

Posta a votación a citada Conta Xeral, apróbase con cinco votos a favor do PSdeG-PSOE e seis abstencións dos grupos PP e TEGA

3º.- Contestación ás preguntas formuladas no pleno anterior

Ás preguntas formuladas por dona Xosefina R. Guitián do BNG, a Presidencia contéstalle:

1.- Sobre da redución do 5% no soldo dos concelleiros establecido no R.D aprobado polo Goberno Central, a Presidencia di que na Xunta de Voceiros celebrada antes desta sesión, e ante a ausencia da concelleira do BNG dona Xosefina R. Guitián, acordouse celebrar unha reunión para acadar un acordo unánime entre os catro grupos políticos

2.- Sobre da redistribución ou colocación de máis colectores amarelos, di que a colocación deste tipo de colectores está estipulada pola Xunta, sendo necesario un número mínimo de veciños para a súa colocación, e este concello ten colocados máis dos que lle corresponden.

Non obstante intentarase colocarse máis para completar a demanda que existe



3.- En canto á habilitación dunha zona de baño en Agronovo, di que se consultou o tema con Augas de Galicia, organismo competente nesa materia, e para habilitar unha zona de baño ten que redactarse un proxecto , contar coas autorizacións pertinentes, e sería Augas de Galicia a competente para autorizala e non o concello.

--Ó rogo do Sr. Alvela de TEGA para que se axilicen os trámites para a adquisición da parcela de San Miguel, a Presidencia sinala que na próxima Xunta de Goberno, prevista para o vindeiro martes, se levará o proxecto para a súa aprobación e posteriormente se seguirán cos demais trámites

En canto ó outro rogo do mesmo concelleiro para que se trasladase ó concello de A Estrada o malestar do seu grupo por non ter solicitado a inclusión do repetidor de Paradela para que os veciños de San Miguel tivesen sinal de TDT, di que lle chamou un concelleiro de A Estrada para comunicarlle que ían presentar a solicitude á Xunta na que se incluíse o citado repetidor.

4º.- Rogos e preguntas

--Don José Alvela de TEGA pregunta como está o tema do proxecto de ampliación da estrada provincial A Gaiosa -Ponte de Sarandón, no que se incluía a construción dunhas beirarrúas no núcleo de Sarandón

Tamén roga que se continúe solicitando con todo o esforzo con que se poida facer a recuperación do espazo de Ximonde, para o que existía un proxecto para recuperar a ponte e o entorno, ó tratarse dunha área recreativa dunha beleza extraordinaria e un punto importante na rúta de sendeirismo que vai da área de Cubelas ata San Xoan da Cova

A Presidencia di que no tema da ampliación da estrada que se consultará á Deputación e con respecto a Ximonde, di que nunha reunión que tivo fai tempo co Director Xeral de Medio Ambiente lle comentou que o proxecto se podería levar a cabo entre as dúas Deputacións e a Xunta . Despois desa reunión o arquitecto municipal, don Fermín González, redactor do proxecto recibiu unha chamada telefónica para informarlle que se ía a executar o proxecto e que él ía a ser designado director das obras e que fai poucos días se puxo en contacto con él o Sr. Alcalde de A Estrada para comentarlle que lle chegou o concello unha solicitude de autorización para proceder á execución da ponte

---Don Manuel Costa do PP solicita que dende o grupo de goberno se fagan todos os esforzos posibles para conseguir que nas obras da estrada Vedra -Santa Lucía, que se están a executar, se repoña por parte da Deputación as traídas de augas dos veciños e as entradas ás leiras e casas que están afectadas. De non conseguilo, que se fagan estas reposicións cos medios do concello

A Presidencia di que nestes días estivo despachando con veciños da parroquia e co Sr. Presidente da AA.VV e que dado que a Deputación non ía proceder á facer ás entradas ás vivendas é ás fincas ó estar en terreo público, chegaron o acordo de que o concello reponería as entradas ás vivendas afectadas ó quedar estas sen servizo de acceso ás mesmas.

Conclúe ó fio das vinte e unha horas e vinte minutos

